TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº9 · xaneiro-marzo 2010 1€

Neste número:

Un veciño do Freixo,
criado dun bispo.

Foro do Casal
de Pedro Domínguez (II)

Una viaxe á Atenas clásica (I)

A crise económica actual (III)

e as nosas seccións habituais...

Entrevista a
Gerardo Romero

Editorial: 7 anos despois

Hai cousas que por moito tempo que pase sempre as teremos moi nidiamente gravadas nas nosas retinas. Todos lembramos perfectamente aquelas imaxes devastadoras da nosa única e marabillosa costa chapapoteada, abandonada polo poder político, que demostrou non ser quen de protexer o noso mar, a nosa paisaxe e a nós mesmos ante uns intereses que non se sabe ben de onde veñen nin onde van pero que acotío pasan diante de nós en buques cargados de potencial destrución.

Sete anos despois os avances que nos poidan protexer dunha traxedia similar son mínimos; é evidente que algo se fixo en canto a protocolos de actuación: que menos? xa sería o colmo dos colmos que así non fose. Pero moitos cabos seguen aínda sen amarrar, o xuízo do caso Prestige segue a paso moi lento nos xulgados; vale que a xustiza é lenta, pero casos tan complicados como os do 11M instrúíronse a unha velocidade espectacular. Obras comezadas como o porto exterior da Coruña continúan coa súa errática evolución, fagocitando centos de millóns de euros, para encanto das empresas amigas de Francisco Vázquez, cando non participadas directamente polos seus familiares, nunha obra que vai ter unha escasa ou nula utilidade para evitar este tipo de catástrofes e que só vale como "anexo" para quitarlle algo de tráfico ao actual porto da Coruña... Digamos a verdade: o porto exterior da Coruña é un comecartos cun impacto ambiental moi grave, promovido por un grupo de "listos" que souberon ver a "gañancia de pescadores no mar revolto".

Mesmo hoxe a ferida segue aberta: o Prestige continúa botando cincuenta litros diarios de fuel (1.500 ao mes) como esas enfermidades recorrentes que nunca acaban de curar ben... Pasaron uns e outros polos gobernos central e autonómico e a nosa costa, e en definitiva nós, seguimos moi vendidos.

Tanto os mesmos que estaban naquel momento e que xa demostraron coa súa "xestión" desta crise o que é o País para eles cun estilo terceiromundista, como os que viñeron despois, non quixeron dar pasos firmes na protección da costa, nin neste nin noutros aspectos non menos graves, de efecto a máis longo prazo, porque hai outros "Prestiges" de consecuencias igual de devastadoras, que actúan máis lentamente, pero que acaban igual co noso mar. Con todo, pensemos aínda así nese raio de luz que se ve entre tanta escuridade: pode que o desastre do Prestige contribuíse a incrementar a conciencia ambiental da sociedade, polo menos no que se refire a unha maior valoración social da nosa costa e a unha maior concienciación sobre a necesidade de protexela. Mellor pensar tamén na parte positiva, xa que pensar só nas mans de quen estamos sería absolutamente desesperante, e isto é dificilmente rebatible por ningún partido político: falamos con coñecemento de causa, sete anos despois do desastre ambiental, económico, político e social do Prestige; e falamos sabendo que aínda hai unha gran fenda aberta no noso País.

INDÍCE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6
Opinión	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Páxinas literarias	páxs. 10 e 11
Viaxes	páxs. 12 e 13
Economía	páx. 14
Foto Antiga	páx. 15
Novos artistas	páx. 16
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redacción:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco
Edita:
A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.

Agradecemento da Dirección

Unha vez máis neste tempo afecto aínda polas festas do Nadal gustaríanos reflectir o noso sincero e público agradecemento ós socios da A.C.C.Terra de Outes, así como ós nosos lectores, a toda esa xente que colabora de forma desinteresada, pero, iso si, cun ánimo de mostrar a súa prespectiva sobre algo en particular ou non, que suma esforzos cando se lle require. Pois levar a cabo unha revista coma esta non é moi doado, e sempre andamos ás presas, pero coa gratificación persoal polas nubes cando sae unha nova publicación. Particular agarimo a esas persoas, amigos que sen dubidalo reiteran a súa fidelidade coa publicidade dos seus negocios número tras número. Grazas a todos.

E van dez, xa pasamos os dous anos tentando reflectir as inquedanzas da xente de Outes e bisbarra, con entrevistas, artigos varios sobre algún que outro tema de cruda actualidade, humor, historia, resaltando a vea cultural e social de moitos dos seus contidos; en fin, o lector asiduo xa está de sobra informado das interioridades da revista.

Por suposto que seguiremos reiterando a colaboración e ofrecemento dende a nosa parte a toda a xente que teña afán por comunicar, algo que contar, que non medre en dúbidas, pois será benvido. A Revista Terra de Outes sempre terá as portas abertas ás persoas de ben para expresar as súas inquedanzas ou pareceres.

Un saúdo. A Dirección

FE DE ERRATAS.

Por descoido do consello de redacción, o artigo de Lecturas Recomendadas, aparecido no número anterior da nosa revista na sección de Páxinas literarias, carece de sinatura, cando debería figurar o nome de LIDIA VICENTE como autora do mesmo.

III MUIÑADA

Baixo esta denominación celebráronse na última semana de outubro de 2009 unhas *Xornadas de exaltación do patrimonio cultural*, que chegaron á súa terceira edición. Nesta ocasión leváronse a cabo: unha exposición de fotos antigas de Outes; a presentación dun libro de poemas do escritor outense, emigrado no Brasil, Gonzalo Armán; a proxección dunha película do falecido director Chano Piñeiro; a presentación dun número especial da revista *Terra de Outes* adicado a Añón; un recital de poesías deste mesmo escritor, protagonizado polos escolares do noso concello. Así mesmo, nas xornadas puidemos asistir a unha conferencia sobre o insigne poeta, ofrecida por Ramón Blanco, e outras tres charlas a cargo de: Clodio González, membro do padroado do Museo do Pobo Galego; Aurora Marco, profesora da Universidade de Santiago e Pastor Rodríguez, investigador e escritor. Pecháronse estas xornadas cun campeonato de trompo e un magosto popular, organizados en colaboración co Concello de Outes.

Queremos Galego

Nun acto organizado pola Asociación Terra de Outes que se celebrou o sábado, 19 de decembro de 2009 na Casa da Cultura de A Serra presentouse nesta localidade a PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO. Nel interviñeron Xoán X. Mariño, presidente desta Asociación e Domingos Campos, portavoz da Plataforma na comarca Muros-Noia.

Ao remate da mesma constituíuse a plataforma local de Queremos Galego e os seus integrantes acordaron: en primeiro lugar, participar no organismo que vai coordinar os esforzos de todas as persoas e entidades interesadas pola defensa do galego a nivel comarcal; en segundo lugar, sumarse á campaña xa en marcha de remitir ó presidente da Xunta de Galicia felicitacións de Nadal co desexo de que no próximo ano mude a dirección da súa política lingüística por outra máis respetuosa coa lingua galega, e, por último, convidar ao Concello de Outes a participar nas iniciativas que a Plataforma recén formada leve a cabo neste ano no noso municipio.

Actos Sociais

O sábado 19 de decembro a nosa asociación reuniu a boa parte dos seus membros na súa tradicional cea de Nadal, celebrada nesta ocasión en Casa Amanda, para poñer colofón a un ano plagado de actividades, pero tamén de encontros culinarios entre os seus socios e colaboradores, que se xuntaron numerosas veces ao longo de 2009 ao redor dun mantel para compartir o pracer dos bocados exquisitos combinados coas sinceras risas dos camaradas e a ledica das demoradas conversas da sobremesa. Non faltou, nesta última oportunidade, o acompañamento musical que aportou o showman O Búho, con quen bailaron animadamente a maioría dos participantes na nosa última reunión gastronómica.

Un veciño do Freixo, criado dun bispo

Xoán Fco. García Suárez

Situámonos no último ano do reinado de Carlos III, en 1787, ao remate polo tanto do denominado Século das Luces, protagonizado desde o punto de vista social e político pola Ilustración, concepto que Kant definiu como *"A fin da minoría de idade do home. A fin da súa incapacidade para utilizar a súa razón sen a dirección de outro".*

Esta corrente de pensamento, a Ilustración, vén ser herdeira directa do Renacemento, e aínda que os límites cronolóxicos non son fáciles de definir podemos afirmar que abarca fundamentalmente todo o século XVIII. Foi un movemento renovador, no sentido que preconizaba o ideal reformista, a razón, a modernización da cultura, a felicidade e o progreso para transformar o mundo ata eses momentos dominado pola tradición, a autoridade e o prexuízo. Pero os ilustrados (Montesquieu, Voltaire, Diderot, Rousseau, etc.), para gañar a súa batalla reformista cren que é necesaria a participación executora dos monarcas –aínda que Rousseau tiña unha teoría máis democrática da sociedade–, daí que os límites da Ilustración comezan precisamente no robustecemento da autoridade, o que deu lugar ao Despotismo Ilustrado (Carlos III, en España, por exemplo). En resumo, os cambios non deben darse pola vía revolucionaria.

Sen embargo, nas colonias españolas, e especialmente en América, rematan triunfando os posicionamentos liberais (na Península producirase en 1820 o pronunciamento de Rafael del Riego), que levaban consigo unha alternativa á propia consideración colonial destes reinos de América, unha aposta pola independencia.

Neste ambiente socialmente convulso, o 31 de agosto de 1787 a fragata da Compañía de Filipinas "Santa Rufina" recibe en Cádiz licencia de embarque, á solicitude do Bispo de Arequipa (Perú), Pedro Josef Chaves de La Rosa, con destino a Manila e escala "en el Callao de Lima", destino este último do bispo e da súa comitiva. Un destino no que se producirán graves crises e problemas políticos no vicerreinado, como o movemento insurreccional de José Gabriel Condorcanti (Túpac Amaru) e máis tarde a marea revolucionaria de Bolívar e Sanmartín no camiño da liberación nacional dos países latinoamericanos.

Pois resulta que este documento de catro páxinas, expedido na Casa de Contratación, vai acompañado da solicitude do ilustrado Chaves de La Rosa, dando conta das persoas do séquito que o acompañarían na viaxe a Perú, e da que forman parte Juan de La Cruz Errazquin, diácono, natural de Villafranca de *Guipúzcoa*, de 23 anos de idade e secretario de Cámara; Antonio Páez Zapata, presbítero e natural de Córdoba, de 50 anos e Teólogo de Cámara e Examinador Sinodal; Anastasio de San Josef, tamén andaluz, presbítero carmelita descalzo e confesor; Diego de Gárate y Aranguren, natural de Azcoitia en *Guipúzcoa*, de 22 anos, criado e oficial de Secretaría; Josef Balbériz, natural de Cádiz, solteiro de 22 anos, criado e maiordomo interino; Guillermo Crespo y Pérez, criado, natural de Santa María de Oia, *Obispado de Tuy*, de 21 anos; e, finalmente, Juan de Vara, natural de *San Juan de Sabardes*, *Arzobispado de Santiago*, solteiro de 21 anos, mozo de retrete.

Co fin de evitar malas interpretacións, débese sinalar que os denominados "mozos de retrete" formaban parte do séquito persoal dos grandes persoeiros da nobreza e do clero, no seu ambiente máis íntimo, e que segundo Fernández de Oviedo na Cámara do Retrete *"ninguno entra sino el Príncipe, el Camarero, el Retretero é alguna persona rara ó que su Alteza quiere por favor dar lugar á que allí entre por que es lo último é lo mas secreto de su servicio"*.

E se algo máis a favor destes criados se pode decir é que estaban moi ben remunerados e que habitualmente eran fidalgos.

Non sabemos máis deste curioso individuo, Juan de Vara, só que era do Freixo, que formou parte do séquito de Chaves de La Rosa (1740-1819) e que viaxou con este ao Perú, como Bispo de Arequipa, cidade na cal levou a cabo importantes accións (escolas, un hospital, etc.), xunto con máis relixiosos ilustrados, como José de Arce e moitos outros, que perderon a batalla contra o liberalismo en Perú e foron derrotados polo movemento independentista e expulsados. Xa de volta en España, de La Rosa morre en 1819, un ano antes da proclamación da independencia do Perú.

Quizais o raio que caeu o 3 de febreiro dese ano de 1787 (ano do embarque a Perú) na torre da igrexa de Sabardes, foi unha premonición desta derrota para o mozo Juan de Vara. Casualidades.


Oficial de la Secretaría
D.n Josef Balbeiris, criado de Cadiz, soltero
de 22 a.s de Edad y estando como Maiordomo
Guillermo Crespo y Perez, criado de S.a Excma.
Obispo de Tuy, soltero de 21 a.s Vigueses
y Perpiñano
Juan de Vara, criado de S.n Juan de Sabardes,
Arzobispado de Santiago, soltero de 21 a.s cuyos
sereneros.
Cadiz 24 de Agosto de 1787.
D.n
Pedro Josef Obispo de Arequipa

Foro do Casal de Pedro Domínguez (II)

Mingucho Campos

No nº 6 desta mesma revista (abril-xuño de 2009) referíame aos primeiros pasos dados (**Cartas de poder e procuración**) para proceder ao aforamento do denominado "**Casal de Pedro Domínguez**" ás veciñas e veciños seguintes: Juan Martínez, Dominga Doutón, a súa muller e María Doutón, súa xogra; a Andrés Romeu, á súa dona, Catalina de Vara e á súa cuñada, María de Vara; tamén a Pedro Domínguez e á súa conxuxe, María Martínez; a Gregorio Paz; a Alberta Fernández, viúva, e a Alonso Paz xunto coa súa dona, María Fernández. No devandito foro recoñecíanse asemade os dereitos sucesorios dos fillos e ou herdeiros.

Todolos veciños anteriormente relacionados vivían "**nun dos lugares é casares sito é incluso dentro del dicho Coto de Vara que se llama el Casal de Pedro Domínguez**", traballando as terras e custodiando "**casas, cortes é heredades labradios é montesinos, soutos, devesas, molinos é resios** (enténdese por resío unha franxa de terreo sen cultivar arredor da casa ou tamén unha faixa de terreo igualmente sen cultivar a carón dun valado)**, os montes e as fontes, riveras de mar y todo lo demás al dicho lugar anejo é perteneciente e según que sus heredades estan ditas é inclusas dentro del dicho Coto de Vara y dentro de los limites y demarcaciones siguientes**".

LINDEIROS E DEMARCACIÓNS

Para fixa-las lindes e demarcacións dos terreos aforados vou utiliza-lo texto literal do documento foral, deixando tan só á miña interpretación persoal aqueles aspectos do mesmo que considere susceptíbeis de dúbida e ou de interpretación.

Di así o documento de referencia: "**Dende las piedras dos Carreiros por los Carrios arriba aguas vertientes de una parte y de otra hasta dar en las piedras o escorridas y al medo de Chans hasta entestar en la piedra de Chans y de alli baja derecho á la fuente de Odelus por el Canle abajo y desde la dicha fuente va a dar en la Iglesia y de alli va por el pedregal hasta dar en la fuente do Barreiro y al rego de Pereiras el cual dicho lugar y Casal es hacienda y bienes del dicho Monasterio** (estase a referir ao mosteiro de Toxosoutos) **y en el estan tres casas moradias con sus cortes y con los tales bienes del dicho Monasterio vos lo aforamos por tiempo y espacio de tres Señores Reis de España sucesibas una en pos de otra que la primera es la de Su Majestad el Rey Don Felipe Cuarto deste nombre que vive y reina en estos reinos y las dos de los Señores Reis que les susidieren y por rentas canones y pension en cada un año de los que turaren** (duraran) **las dichas tres vidas sucesivas de cuatro cargas de trigo y siete de Senteno** (48 e 84 ferrados respectivamente) **que doce ferrados hacen carga pan limpio y seco de polvo y paja medido por la medida derecha** (a medida legal, usualmente utilizada) **de Avila que habedes de pagar cada uno de vos y los porquienes haceis en esta manera voz...**"



O REPARTO DAS CARGAS

A Juan Martínez e á súa xogra correspóndelles: 8 ferrados de trigo e 18 de centeo.

Andrés Romeu e a súa cuñada, María de Vara, deben contribuír con 18 ferrados de trigo e 31 e medio de centeo.

Alonso Paz debe pagar 6 ferrados de trigo e 10 e medio de centeo.

A viúva Alberta Fernández, Gregorio Paz e Pedro Domínguez, deben contribuír conxuntamente con 16 ferrados de trigo e 24 de centeo.

A SACHADORA

Textos: Hali Diass
Debuxos: X. Maiño

GASTRONOMÍA

Cogomelos con purés ao Porto

Ingredientes:

Cantarela, rebozuelo, seta siitaque, patacas, castañas, pementa branca e verde, manteiga, nata, aceite de oliva, viño do Porto e sal.

Elaboración:

*Cocemos as patacas e as castañas.
*Facemos os purés por separado engadíndolle manteiga e sal.
*Laminar o rebozuelo, despois de limpos os cogomelos, e refogámolos nun pouco aceite de oliva.
*Sumarlle a nata e as pementas. Cociñar dez minutos.
*Reducir o viño a lume suave e decorar cunhas pingas por riba do preparado, quedando listo para servir.

Mesón "O Agarimo"

SAÚDEGALIZANDO: TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO DENDE A ATENCIÓN PRIMARIA (I)

Dr. José Mª Dios Diz

O día 25 de Novembro, celebrouse en todo o mundo o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Ata o día 25/11/2009, 49 mulleres foron asesinadas no estado español polas súas parellas ou exparellas. 4 delas, en Galicia.

Partindo da base de que a Atención Primaria (AP) é a porta de entrada ao Sistema Sanitario, a detección de casos de **violencia de xénero** debería ser un dos obxectivos dos/as profesionais dos Centros de Saúde e dos Puntos de Atención Continuada (PAC), lugares máis cercanos e accesibles á poboación afectada: as mulleres.

A Atención Primaria é un lugar privilexiado para chegar á detección de mulleres en situación de violencia de xénero, ou de risco de violencia de xénero, para poder evitar esta lacra social, presente en todos os ámbitos: económicos, xeográficos e sociais. Calcúlase que só o 10% dos casos son denunciados. A Organización Mundial da Saúde (OMS) di, no seu informe sobre a violencia de xénero, que *"..en realidade, moitas mulleres maltratadas, están esperando silenciosamente, que alguén lles pregunte".*

Qué recursos materiais e humanos se necesitan para prestar atención ás mulleres maltratadas:

-- Profesionais: é necesaria a formación específica para a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero. Atención urxente á muller vítima de violencia, posteriormente no hospital.

-- Instalacións: Necesítase unha consulta ou espazo que garanta a privacidade e intimidade da muller. Terase especial coidado, nas áreas de urxencias, para a realización de todos os procesos. Materiais divulgativos e informativos sobre os recursos comunitarios en violencia de xénero.

Qué debemos valorar nun caso en que unha muller acode a unha consulta dun Centro de Saúde:

Miraremos se presenta indicadores de sospeita, nos antecedentes, e posibles actitudes da muller, ademais, dalgún dos seguintes indicadores:

- *En relación ás lesións que ten*: Atraso na demanda de asistencia das lesións físicas. Incongruencia entre o tipo de lesións e a explicación da causa. Hematomas ou contusións en zonas de sospeita: cara/cabeza, cara interna dos brazos e coxas. Lesións por defensa (cara interna do antebrazo). Lesións en diferentes estadios de evolución que indican violencia sostida no tempo. Lesións en xenitais e mamas. Lesión durante o embarazo. Lesión típica: rotura de tímpano. Historia de accidentes frecuentes.

- *Actitude da muller:* temerosa, evasiva, incómoda, nerviosa; sobresáltase, por exemplo, ao abrirse a porta. Trazos depresivos: tristeza, desmotivación... Baixa autoestima. Sentimentos de culpa. Sentimentos de vergoña: retraemento, comunicación difícil, evita mirar á cara. Vestimenta que pode indicar a intención de ocultar lesións. Falta de coidado persoal. Xustificación das lesións e quitar importancia a estas. Incumprimento terapéutico reiterado.

- Se está presente a parella: Temerosa nas súas respostas. Busca constantemente a súa aprobación. A parella responde por ela.

- *Actitude da parella*: solicita estar presente en toda a visita. Moi controlador, sempre contesta el ou, polo contrario, despreocupado, despectivo ou intentando banalizar os feitos. Mira á muller antes de que ela responda. Fai recaer a responsabilidade do que lle ocorre á muller sobre ela mesma. Excesivamente preocupado ou solícito con ela. Ás veces, colérico ou hostil con ela ou coa/co profesional.

- En caso de necesidade, xestionar o traslado urxente ao hospital con servizo de xinecoloxía: avisar ao 061 para traslado urxente. Ante a negativa da muller para o traslado ao centro hospitalario, chamar ao Xulgado de Garda e poñer en coñecemento a situación. Evitar que vaia soa, debe ir acompañada por persoal sanitario. Contactar de inmediato con confidente/familiar de confianza, se o houbese.

OPINIÓN
Así sobe calquera

Á vista está que nunca pasa nada... ata que pasa. E pasou nun concello no que case nunca pasa nada... bo. Fomos noticia, centro de rumores nas conversacións... aínda que ser foron os presuntos protagonistas que andan metidos no lúgubre e navallesco mundillo das drogas e todo o que conleva a ras de si.

Xa había anos que non estabamos a este nivel... -e todo hipóteses e falar barato- pois xa sempre nos venderon que neste noso concello non había nada diso... ilusos. Á memoria retornan os tempos do contrabando de tabaco, con aquel, aquel e aquel polo medio, se uns verdadeiros señores, así sobe calquera... que se o pasaporte retido, máis do mesmo...

Despois a "operación" detención na beiriña do mar sen mollar os peíños... uns cracksss. Brasil la ra la ra la ra la ra... festa rachada.

E agora a droga pura e dura -en pequeno polo que din-, e digo eu que por algo se empeza, pois é moi atractivo un coche por aquí, un pisito por alá, cenitas a dúas velas, etc., etc. E todo isto cando o que máis e o que menos se lle preguntasen diría algún que outro nombre e acertaría a quiniela co pleno ao quince incluído. E algunha nai, si, que o meu fillo vende... e que?... pero non consume, eh?? Que pasa??... Patético.

Vendo todo isto, dáme a impresión de que os que traballamos, persoas normais, aínda quedamos como os parvos ante tantos espabilados, pero polo menos podemos andar coa cabeciña ben alta, non coma outros… Vergonza lles tiña que dar, aínda que tranquilos, porque estamos no concello no que nunca pasa nada… bo!!. É broma. Rir por non chorar.

Lusco e Fusco

A vixilancia da nosa ría

Frank-Ado

Ben sabemos os mariscadores da importancia da vixilancia na nosa ría; do que fala continuamente a Consellería de Pesca, de incrementar estas función para frear o furtivismo. Pero o que non sabemos, ou non queremos saber é que parte do diñeiro público subvencionado para estes labores, está entrando nalgunha das nosas confrarías e sendo desviado para outros mesteres.

Os nosos gardapescas "vixilantes" apenas están cobrando entre 700 e 850 euros mensuais, estando de garda noites e festivos, e realizando todo tipo de traballos. Estas persoas saben que están sendo explotadas e que cobran moito menos do que lles corresponde, que sería sobre 1.200 euros polo convenio de seguridade privada. Porén, non poden facer nada, se reclaman os seus dereitos, son ameazados por cabidos, patrón, etc., e temen polo seu posto de traballo. Non é o primeiro ao que lle din: "se non estás contento, para o teu sitio hai xente esperando".

Pois ben, a Consellería parece estar de acordo con estes dirixentes, e facer vista gorda sen importarlle a onde vai parar este diñeiro que lle recortan a estes traballadores, mermándolles a súa calidade de vida. Tamén hai que darlle un "estirón de orellas" a mariscadores, ou outras persoas vinculadas coas confrarías que, coñecedores destes feitos, nunca o sacan a relucir en reunións ou asembleas. Esta xente que vive do mar, ten que ter en conta que unha vixilancia profesional e de garantía é parte do seu futuro laboral.

Estamos cansos de oír e ver en moitos medios abusos de varios tipos cos dereitos dos traballadores. Igualmente temos constancia do difícil que resulta xustificar calquera pequena subvención. No entanto aquí imos en camiño contrario, polo que esperemos que estes feitos terminen pronto, e que se esixan responsabilidades pola mala utilización de cartos que son de todos, e tamén por estes abusos laborais.

ASI SÍ

Decisión acertada, mellora tantas veces demandada e algún que outro susto na memoria dos veciños. Xente de idade, cativa preadolescente, un pai preocupado... Ben feito... ¿e as beirarrúas?...

ASI NON

**Contexto: saneamento a cargo do plan E.
Lugar: Vilar, na parroquia de San Orente.
Problema: a tapa de cemento da arqueta, rota pola empresa que asfaltou a estrada. Un buraco de metro e vinte de fondo para que alguén meta a perna (ou a pata) e a rompa.
Despois de poñérmonos en contacto co concello onte, ofrecéusenos a "solución provisional" (sic) da foto. E aí segue. Provisional.**

Gerardo e a profesión

Na actualidade desempeñas as funcións de conserxe do CEIP da Serra de Outes. Cóntanos cando comezas a desenvolver estas funcións e que anécdotas tes destes anos.

- Foi aló polo ano 1974 cando entro a traballar de conserxe no colexio público de EXB, por aquelas datas vanse incorporando ao colexio as mestras e os mestres das antigas unitarias gradualmente. D. Manuel Canay era o director e ao mesmo tempo desenvolvía as tarefas de coordinación dos profesionais que se ían inCorporando. Lembro que ao pouco de estar o colexio a pleno funcionamento tivo que facer unha solicitude de ampliación do mesmo, petición esta que foi atendida pola Administración Educativa e o centro pasou a contar con catro aulas máis. No ano 1983 increméntase noutras catro unidades, todas elas ubicadas nun edificio de nova construción ubicado na parte traseira do primitivo complexo escolar. Teño que salientar que a matrícula escolar acadou a cifra de 910 alumnas e alumnos.

No tocante ás anécdotas saliento especialmente dúas. Era frecuente que o río Tines rebordara o seu cauce e anegara o patio e parte dos edificios. Nunca destas ocasións unha troita entrou polos tubos que están conectados ao pozo de bombeo facendo o percorrido deica o patio. Outra, que non deixa de ser tamén curiosa, acaeceu cando o Tines rebordou as inmediacións do almacén de "Frutas Pauma" e percorrendo a praza de Galicia entrou pola cancela do centro. Era tal a cantidade de auga que entraba e en tan pouco tempo que derrubou todo a valado construído no fondo do patio do recinto escolar.

Gerardo Romero: lembranzas dunha v

Gerardo Romero naceu en Coiradas no ano 1945. Desde hai máis de tres décadas traballa de conserxe no CEIP da Serra, pero antes adicouse, durante moitos anos, á música, actuando en multitude de festas coa mítica orquesta Romero, chegando a gravar incluso un disco con este grupo. Na actualidade, logo de abandonar a directiva da sociedade de caza e pesca "Os labercos", da que foi presidente longo tempo, compaxina os labores propios da conserxería do Colexio coa escritura, fundamentalmente poemas que desde hai uns meses se veñen publicando nesta revista e que a el lle gustaría ver algún día en forma de libro.

- Como e cando nace a Orquestra Romero?

- Nace aló polos anos cincuenta do pasado século. O seu fundador foi Manuel Romero, en compaña doutros amigos que se separaran da *Orquestra París* da Ponte Nafonso.

- Quen foron os seus primeiros compoñentes?

- Ademais do devandito Manuel Romero, a Orquestra estaba integrada por Domingos do Formigueiro, Rogelio da outra banda da Ponte, que tocaban o saxo; Carlos Romero, Francisco de Cando e Agustín de San Ourente (metais); Santiago da Corga e Pepe de Luna na percusión; Francisco tocaba o acordeón e Apolinar e Fernando do Campo eran os cantantes.

-Como foron os seus inicios?

- Ao pouco de formasaese a Orquestra, e denantes de saír a tocar xa houbo modificacións dos seus integrantes, porque era moi difícil atopar persoas que se adaptaran ás normas establecidas. A meirande parte do tempo adicábase a ensaios para prepara-la Orquestra para a correspondente tempada sen poder percibir un patacón. Pola Semana Santa eran moi frecuentes os cambios de orquestra dos músicos e mesmo o abandono da actividade, por ser unha época esta na que pechaban as salas de festa. Despois do entroido e ata o Domingo de Pascua eran moi poucas as salas que daban bailes, e festas no inverno había poucas. De aí que se aproveitase para ensaiar e para face-los trocos de músicos.

- Como era o repertorio?

- Por aquelas datas o repertorio musical das orquestras duraba moitos anos. No caso concreto da Orquestra Romero ensaiábase unha ou varias 'pezas modernas e o resto do repertorio estaba composto por pezas de sempre, que aínda perduran na actualidade, axeitadas, iso si, ás características de

vida

cada grupo e ás novas tecnoloxías. Hai que ter presente que na Música hai pezas inmorredoiras.

- A Orquestra sofre unha refundación, non?

- Si, ao entrar nela dous irmáns Romero: Rosendo, na batería e máis Manolo, que facía de cantante e tocaba a trompeta. Pero, ao pouco tempo, volve a sufrir outra reforma. Eleuterio, que daquela tocaba o acordeón na Orquestra contacta con Domingo Barreiros, que tocaría a guitarra e mailo baixo e co seu irmán, Tino, que pasaría a se-lo cantante. Tamén entran a formar parte da mesma os saxos Vicente e Pepito, e Manolo de Abuín no trombón.. Naqueles momentos a Orquestra Romero pasa a estar formada por xente moi nova.

-Pero, volven producirse novas incorporacións.

- Si. Cando os anteriormente citados levaban un ano tocando xuntos, en xuño de 1960, vaise o cantante, Tino Barreiro, en pleno verán. Entón eu, que estaba estudando Música, aprendo unhas poucas cancións e debuto como cantante no mes de xuño en san Pedro da Redonda, en Cee. Ao remate daquel verán serían baixa na Orquestra Rosendo e Manolo Romero, Manolo de Abuín, Pepito e Domingos Barreiro por mor de face-lo servizo militar estes dous últimos. Entran a substituílos: Luís Romero, na batería, Eugenio Romero, no baixo; Enrique Martínez, de cantante; Eleuterio tocaba naquel entón o piano.

- Teño entendido que gravastes un single na década dos 70.

- Si. Foi precisamente no ano 1973, ano no que morreu o gran Nino Bravo, cando gravamos o primeiro e único single da traxectoria da Orquestra Romero. O disco contiña dous títulos: "Os mariñeiros" e "Tutto il mio amore". Cando se licenciara Domingo Barreiros marcharon Eleuterio e Jesús. Viaxariamos pois a Barcelona, ao estudo de gravación: Domingo, Eugenio, Luís e Carlos Romero, Enrique Martínez e eu.

- Cando desaparece a Orquestra Romero.

-Foi no ano 1987 cando "Os Romero" deixan definitivamente de tocar, aínda que parte dos seu compoñentes sigan vencellados ás actividades musicais.

Gerardo e a poesía

- Cando comezas a escribir poemas?

-En primeiro lugar, eu non me considero escritor. Penso que esa é unha actividade moi, moi seria. Dito isto, si teño que recoñecer que o primeiro poema que escribía foi con motivo da celebración dun cumpreanos dunha sobriña. Coidei naquela ocasión que era unha forma bonita de sumarme á celebración. Nos dous anos seguintes seguín nos momentos libres, fundamentalmente despois do xantar dos alumnos, escribindo outros poemas. Despois, cando comezan a xubilarse aqueles mestres cos que compartín tantos anos de estancia no centro, tamén escribo poemas dirixidos a cada un deles, como os adicados a Eladio Lores e a Carmen do Pazo.

O mal do pobre

Difundir un pensamento,
Nun país militarista,
Homes con temperamento
Expoñendo a súa vida.

Un goberno totalitario
Onde o pensar é abolido,
Morren de fame e de frío
Polo que levan sufrido.

Os países adiantados
Non fan nada por evitalo
Se tiveran moitas riquezas
Ían todos rescatalas.

Expulsando ao ditador
Nomeando un sucesor,
Amigo dos restauradores
Para cobrar os favores.

Neste mundo, inxusto e ambicioso,
Onde predominan as palabras bonitas,
Dos gobernantes coas súas políticas.

Gerardo Romero

POEMA

NA ESCURIDADE

A tódolos que senten o galego

Non me digades que foi un soño.
Trabucariádesme.
Non me digades que é incerto.
Enganariádesme.

Dicídeme que estamos na escuridade dos tempos,
ao igual ca aquelas árbores esqueléticas,
cuxa única vida era a do sol nacente
naquel bosque aínda máis escuro.

Dicídeme que as afoutas xentes da Terra
están a xuntarse no val da esperanza novamente:
mariñeiros, labregos, mestres, enxeñeiros…
Todos unidos na recuperación do altar da Patria profanado.

Conxunción de arelas.
Conxunción de esforzos.
A batalla aínda por gañar:
a batalla da identidade,
que comeza xa a estar gañada.

Aos que se ergueron na escuridade dos tempos,
ponte tendida entre ribeiras distantes,
séguenlles, en tempos de escuridade obstinados,
sabedores de cando é preciso forza-lo paso ou deterse,
os novos axentes que teñen a claridade por instinto.

Coxunción de arelas.
Conxunción de esforzos.
A batalla aínda por gañar:
a batalla da identidade,
que comeza xa a estar gañada.

Mingucho Campos

JOSEMA
Seguros
Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Lecturas recomendadas

A treboada de C
Agustín Agra

Unha nova publicación do autor veciño, Agustín Agra. Unha vez máis trátase dunha obra dirixida á mocidade. Este profesor noiés, pertence ao cerne daqueles de ciencias que aman as letras. Aínda así, a especialidade achégalle unha sensibilidade especial en relación coa educación ambiental. E diso vai este libro, de literatura pero tamén de divulgación deses valores que a día de hoxe consideramos transversais no ensino -porque atravesan todas e cada unha das áreas- e democráticos na vida civil, pois deben respectarse en todas e calquera das circunstancias.

A treboada de C. Sae á luz na colección Contos Climánticos, publicada pola Xunta de Galicia dentro do Proxecto Climántica.

Trátase dunha serie de relatos breves, todos eles situados no entorno de C., compartindo personaxes e escenario, e todos eles, arredor do tema medio ambiental. Diferentes voces van tomando a palabra e dando lugar a diferentes tipoloxías textuais, como o relato en primeira persoa, a carta, o diálogo que semella teatro... Vanse xuntando todas elas nun mosaico multicolor para que chegue a nós a verdade de cada un deles: o narrador que fala polo autor; o seu coche, que fica no fondo do mar, a onde o levou a engurrada; un peixe da ría que analiza as diferentes artes de pesca; a gabela de mariñeiros xubilados de C.; ou o patio de luces a modo de escena teatral; a mesma treboada; a nena Jessica, a través da carta que lle escribe a seu pai e a que el lle envía como resposta; o río que desbordou; o lagarto arnal; a estrela de mar; o da construtora que pensa en plan especulativo; o político oportunista; un da cuadrilla de apagalumes; o xerente do Consorcio Madeireiro e compañeiro de estudos dos anteriores; unha lapa de lume; un eucalipto; e o lector. E nese crisol de miradas e intereses está presente a oportunidade de buscarlle nome e cara a cada un entre a xente que coñecemos, pero, sobre todo, dános pé a reflexionar sobre a realidade e o tempo no que nos tocou vivir.

Eu teño, debo confesar, unha debilidade especial polos momentos nos que aparece o *Prestige* como convidado de pedra, referencia dos tempos da gran marea negra, e a referencia ao Andrucho como mariñeiro mítico que ten as súas raíces en Avilés e o seu relato de *Nova crónica das Indias.*

Agustín Agra pertence a esa nova xeración de escritores de Noia que manteñen viva a República das Letras construída polo mesmo Avilés de Taramancos, María Mariño, Fabeiro, Agrelo… e tantos outros que han de vir, como ben dicía Añón en *Tres capitáns de tempos idos.*

Pilar Sampedro Martínez

Cartas da ausencia: Tolpe

Mingucho Campos

"Alonxarme somentes foi o xeito de ficar pra sempre"
Xosé A. Valente

24-02-05

Cando o sol está a rompe-la néboa espértanme ou oulidos de Fibi, laios de femia ferida pola perda do compañeiro. A miña primeira ollada descansa na túa sinxela tumba. Estás aí, mais non estás. Teño a sensación de terte ao alcance dos meus dedos e sufro a vertixe de non te poder apalpar. Desacóugame a túa ausencia incomunicada e, asemade, vexo a túa imaxe muda, suxestiva, á que lle falta unha historia.

Temo, compañeiro, que pase toda a eternidade maldicindo a nosa mala sorte, alimentando o odio e o rancor acumulados nos días nos que o gume da perfidia viña cobrar un novo e lúgubre tributo, aqueles nos que apanexando o teu corpo me decataba de que a túa potente enerxía estaba a ser sometida por aquel maligno tumor.

Non é unha anacrónica teima posesiva o que sinto, non. É a necesidade vital de poder dispor de compañía fiel. Síntome posuidor da mutua intimidade e tamén da miseria; si, da enorme miseria da impotencia: de non ter sido quen de pór remedio á implacábel fatalidade.

Cando a lúa xa está alta, cando as luces do rueiro da outra beira do Resío escintilan amortecidas e a noite estende o seu branco e frío manto boto a última ollada ao teu lugar de repouso, e mentres matino na cativeza humana vexo de novo a túa imaxe muda, suxestiva á que lle falta unha historia. ¡E vas tela; mellor dito, xa a tes, compañeiro! ¡Es Historia, es Palabra, es Poesía; es, xa, Literatura!

03-03-05

Na mente inda teño sempre presente que intentei por tódolos medios para-lo tempo, pero tamén que foi unha tentativa inútil. E chegou, inexorabelmente, a aciaga tarde daquel xoves, 17 de febreiro. O Resío, aínda que pareza mentira, estaba solitario. O silencio sucedía ao silencio, un silencio máis elocuente que a mellor das conversas. Ti só. Eu só. Os dous sós no silencio da tristura, co morno sol de inverno como única testemuña da nosa despedida.

Olláchesme. Olleite. Ollámonos e asentimos en silencio. Todo tiña que suceder como acordaramos. Verteches sobre min unha responsabilidade que estaba moi lonxe de imaxinar, porque ti e eu non somos produto da casualidade e uliremos igual polos tempos dos tempos.

Vestinme coa armadura da fortaleza e, sentindo que o mundo se derrubaba ao meu redor, administreiche a dose do somnífero prevista. Na intensidade do silencio permanecemos xuntos, pel con pel, mentres o teu baril corpo ía progresivamente relaxándose e te entregabas ao doce e profundo sono da partida.

Cada cor posúe a súa propia vibración, mais eu non me sinto quen de poder descubrir a daquelas horas. A impotencia de non poder contribuír a supera-lo teu infortunio embargábame ao verte alí adormecendo ao carón da porta norte, alleo por primeira vez a todo canto acontecía ao teu arredor.

Ao solpor, a veterinaria, rapaza nova, inxectouche a dose letal que desencadeou a parada cardio-respiratoria definitiva. Nese intre, ao romperse o noso círculo vital de relación e ao quedar o Resío por primeira vez sen servizo de garda, sentinme vencedor sobre o infortunio. Que tremendo paradoxo! Foi un sentimento efémero, fuxidío, que deu paso ao baleiro, a un abafante baleiro interior.

Pola noite, cando xa amosaba a rixidez cadavérica, trasladeite ao emprazamento acordado e ao deixarte alí, no teu definitivo leito, derramóuseme a noite, a fría e longa noite. O ceo era un campo de pedernais brillando na escuridade, facendo a cumprida garda da túa partida. E eu alí coa pel rota, ao alto, salaiando en silencio, no silencio da escuridade interrompida polas fuxidías luzadas dos coches en circulación, cubrindo o teu frío corpo nun van intento de darche calor.

Ao mencer, cando o tépedo sol descansaba xa sobre a túa humilde tumba, decidín volver; mellor, algo tirou de min. Tan só puiden enliñar unha sinxela, pero definitiva promesa: ¡O Resío é e será sempre de teu, fiel compañeiro!

Depuradora de Marlscos
RAMAIS
Fco. Rama Vázquez
O Freixo - OUTES
Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Unha viaxe á Atenas clásica (I)

Manuel L. Rodrigues

As posibilidades que Atenas ofrece ao interesado na cultura clásica son considerábeis. Comezando polas importantísimas obras arquitectónicas da época de Pericles, e sempre sen esquecérmonos das igrexas bizantinas ou das construcións romanas, xunto con algúns dos museos máis importantes do mundo, entre moitas outras, levareivos polos sendeiros da cidade soterrada nesta viaxe grega.

O primeiro día poñemos o reloxo espertador para as 6:00 da mañá. Saímos do hotel e tomamos rumbo directamente (e sen pensalo dúas veces) á Acrópole. Polo camiño topámonos cos tres edificios que xa víramos o día anterior (día da chegada), e non podemos evitar fotografiar, no medio de pombas, as columnas, frontóns, escaleiras e xardíns da **Biblioteca**, da **Universidade** e da **Academia de Atenas**. Tres fermosísimas construcións de estilo neoclásico; a primeira de columnas dóricas (ao estilo dun templo grego) e as outras dúas con columnas de capitel xónico.

Deixando atrás a Praza Sýntagma descendemos pola Rúa Leoforos Vasilissis e pasamos a carón das ruínas dun dos moitos **"baños romanos"** que aínda se conservan en Atenas. Son grandes as gañas de chegar á Acrópole. Cando dan as 9:00 da mañá divisamos ao lonxe o que parece unha porta. Case sen agardalo damos de fronte co **Arco de Adriano.**

A visión do monumento entre o tráfico converte o intre nun dos máis emocionantes da viaxe (polo inesperado da aparición e por ser "un dos grandes" a observar). Tras deixar o Arco, ascendemos polo antigo **barrio romano da Plaka**, lugar cheo de monumentos e cara ao que miraremos en varias ocasións ao longo da nosa expedición. O primeiro que atopamos son as estreitas rúas coas características casas de cor branca das vilas cicládicas, moreas de gatos e algún que outro resto arqueolóxico (existen por toda a cidade); neste caso columnas de orde xónica. Cómpre dicir que malia a antigüidade da zona da Plaka, os edificios máis vellos que conserva son da época do dominio turco sobre a cidade. Accedemos a unha praza e atopámonos con outra das grandes obras de Atenas (o momento volve ser tremendamente emocionante); diante nosa ollamos a **"lanterna de Lisícrates",** monumento da época helenística adicado ao vencedor dun certame literario (único no mundo, esta é a primeira vez na que se emprega a orde corintia nas columnas exteriores -capitel con follas de acanto-). Ante a beleza da construción, esquecida e abandonada entre edificios, agradecemos que *Thomas Bruce, conde de Elgin*, non conseguise, pese a diversos intentos, arrincala do seu sitio.

Seguimos adiante, e saíndo da Plaka vemos as murallas da **Acrópole** (por onde se entra??), damos volta e buscamos a porta de entrada. Atopamos unha que nos leva directamente ao **Monumento de Thrasyllos** (un dos moitos monumentos coréxicos erixidos polos promotores de obras dramáticas de éxito) e á **capela Panagía Spiliótissa** (encravada na rocha da cidade dos deuses). Prohibido o paso. Descendemos pola rúa e decidimos bordear o enreixado que nos impide a entrada até achar o lugar polo que acceder á residencia de Atenea Pártenos (e outros).

Unhas trinta persoas agardan diante do despacho de billetes (algunhas excursións e estudosos da arte). Entramos. Deben ser as 11:00. Estas son as nosas primeiras horas en Atenas e mais semella que levamos unha semana enteira. Comezamos a subida (vai moita calor e deben quedar un par de quilómetros para chegar ao cume da Cidade dos deuses). Por enriba da muralla percibimos a parte superior do templo Partenón.

Xa no recinto, damos un paseo pola **Exposición de Escultura**, polas ruínas do **Teatro Dionisos** e pola **Stoa de Eumenes**. A reconstrución da Acrópole é algo máis do que unha mera restauración das súas partes diversas: templos que se erguen da nada, ou dos cimentos que algún día foron, gradas de teatros que case non se divisan entre a terra e a rocha, andamiaxe que procura o teito dos edificios que xa non existen... Antes de ofrecer o prato forte da viaxe, paremos a ollar o **Teatro Romano de Herodes Ático**; un lugar que aínda hoxe se emprega para concertos e obras dramatúrxicas. É mediodía. Estamos a piques de chegar ao cume que, hai xa máis de dous mil cincocentos anos, Pericles decidira que sería a envexa de toda Grecia (hoxe de todo o mundo). Polo camiño atopamos os restos dunha antiga fundición de bronce. Ao lonxe divisamos o **Monumento a Filopapo**, de orixe, tamén, romana.

Visto o Odeón de Herodes retomamos a subida. Topamos de fronte co que semella ser a muralla da Acrópole. Cómpre esquivala. Seguimos a marabunta de turistas. Non sabemos canto queda para o cume nun intre en que o cansazo se está a converter nalgo demasiado pouco soportábel. Xiramos arredor da "muralla". Que é iso? (...) Columnas!! Ducias de columnas dóricas!! Estamos no alto da rocha!! A sorpresa tórnase emoción... O mellor momento desque chegamos á capital grega. Temos diante nosa os **Propileos**; a entrada á cidade dos deuses, obra arquitectónica de Ictinos e Calícrates do século V a.C.

Paremos a ollar por un intre todo o que se nos ofrece: na marxe esquerda vemos a xigantesca base dunha escultura (posibelmente dun auriga con cabalos), nos dous lados os cuartos e estancias da antiga construción (hoxe en día moi deteriorados), se miramos ao lonxe vemos Atenas, coa súa capa de xofre e contaminación, o Teseón, os foros, etc...

Pero non todo é ledicia. Onde está o templo de **Atenea Niké**?? En teoría debería estar aí... á dereita do "pórtico"!! Somentes vemos

andamios e unha xigantesca tea semitransparente que fai intuír a sombra do templo xónico. Infórmannos que non poderemos acceder á súa visión debido ás obras (malditas obras).

O primeiro que ollamos tras pasar os propileos é o fondo da Acrópole; á man dereita o **Partenón** e á esquerda, no fondo, o **Erecteion.** Centrámonos no edificio de orde dórica; como ben se pode comprobar, a historia converteu este maxestuoso monumento en ruínas. Unha bomba deitada desde a Colina de Filopapo, por parte dos Venecianos, contra o templo (que contiña un polvorín Turco), foi a guinda do pastel que rematou por facer do Partenón isto que ollamos ante nós. Na actualidade atópase en situación de restauración.

Por outro lado o Erecteion (orde xónica) foi completamente restaurado hai xa uns anos. Restauración polémica na que se mudaron as Cariátides orixinais por unhas copias. Ao fondo da Acrópole topámonos co Museo, que está fechado (outro máis) por obras (toda Atenas está en obras). Comunícannos que as esculturas están a ser trasladadas ao **Novo Museo da Acrópole**, perto do barrio da Plaka. Volvemos atravesar os Propileos coa intención de iniciar o descenso, non sen antes ollar a antiga porta da "Cidade": a chamada **Porta Beulé.** Finalmente decidimos descansar un anaco no **Aerópago**: unha xigantesca laxe de seixo desde onde se di que predicou o cristianismo o Apóstolo San Paulo.

Blog do Autor: ***http://www.manuellrodrigues.blogspot.com***

MECANIZADOS Y RECTIFICADOS
(TORNEADO MECÁNICO INDUSTRIAL)
DE PRECISIÓN C.N.C.
DOMINGO ROMERO A.
TÉCNICO INDUSTRIAL
O.R.A.
INDUSTRIALES
AGRÍCOLA
NAVAL
AUTOMOCIÓN
Tfns.: 981 850 041 (Lalín) · 628 250 388 (Móvil)

Café-Bar
TINES
Gerente: Manuel Tomé Antelo
Rúa da Capela, 22
15230 SERRA DE OUTES (A Coruña)
981 851 164

A crise económica actual (III)

Kiko Vidal

O derradeiro fin de semana de novembro, e con tódalas reservas que se deben ter cando a fonte de coñecemento é unha conversa de taberna, souben que na Serra pechaban tres negocios; en concreto, tres bares. Podería ser un bo titular da prensa local: "A CRISE CHEGA Á SERRA". Pero, ¿é isto certo?

Algúns autónomos, empresarios e traballadores que xa viron como pecharon as súas empresas, traballan baixo mínimos dende hai meses, ou acumulan nas súas carteiras talóns impagados, dirán que a crise xa hai tempo que chegou.

Por outro lado, eu coido que debemos ser un dos concellos da comarca que máis se empobreceu con esta crise. E digo isto pola baixada do prezo da madeira, un dos nosos recursos naturais máis importantes. Somos un Concello cunha gran riqueza forestal, basicamente piñeiro e eucalipto, especies que, non sendo tan nobles como outras, proporcionaban á nosa xente uns ingresos adicionais que sempre eran benvidos. Hai tempo que o valor da madeira se vén deprezando de forma paulatina, pero nestes últimos tempos o colapso foi total. Se hai uns anos podías aspirar a vender madeira a 50 euros/tonelada, nun artigo recente na *Voz de Galicia* informábase de que se estaba vendendo madeira a 5 euros/tonelada, un 90% menos que antes da crise. Dito doutro modo, o noso patrimonio forestal só vale o 10% do que valía antes, o cal é unha auténtica barbaridade; pensade canto se deprezou a vivenda (un 10%, un 20%, un 30% como moito nalgunha zona). Non temos unha estatística de canto representa a masa forestal en relación ao patrimonio total dos concellos da nosa comarca, pero non fai falta ser moi listo para saber que seremos dos primeiros dese *ranking,* e polo tanto, dos que máis nos empobrecemos con esta crise. Pasounos o mesmo que a outros concellos cando o Wolframio deixou de ter valor. Desta pequena reflexión xorde outro posible titular: "OUTES É O CONCELLO QUE MÁIS SE EMPOBRECEU COA CRISE".

¿Que están facendo os nosos gobernos para reactivar o sector forestal?, coido que nada de nada, e así nos vai. A posta en valor do monte galego debería ser unha das preocupacións de índole económica máis importante dos nosos gobernantes, pero do monte soamente se fala no verán, cando se producen os incendios. Toda política forestal que temos parece limitarse a medidas para loitar contra eses incendios, convertendo nunha auténtica odisea facer una queima incluso na temporada máis ruda do inverno. Parece que non se decataron aínda de que é absolutamente necesario facer queimas dos residuos forestais para manter o monte limpo. Así foi sempre e así terá que ser.

Pero tamén se poden ver as cousas doutra maneira. De feito, se un ser doutra galaxia chegase agora á Serra, diría que non estamos en crise por varias razóns:

1º) As cousas deben ir ben cando se está arranxando o Concello e facendo unha "megaponte" nova en Langaño que permitirá que xa non pasen coches pola Serra (isto recórdame aquilo de que cando os teus veciños pensen que estás arruinado debes facer un balcón novo).

2º) Somos alleos ao problema da fusión das caixas de aforro galegas, pois no noso concello só ten oficinas unha delas.

3º) Estanse a recuperar as antigas feiras, ou polo menos o día do *mercadillo* vén todo o mundo á Serra. Ademais son feiras moi limpas, pois non se venden vacas nin porcos. Estámonos a converter nun polo de importante desenvolvemento comercial, non esquezamos que xa temos un bazar chino.

4º) Chove moito, e, polo tanto, tampouco temos sequía.

Non se contenta o que non quere.

Rosa Martínez. Serradoiro de Langaño

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

N O I A

O San Marcos

Xan Perillán

É S. Marcos en Noia e, cousa rara, nesta ocasión non chove. É a feira grande do ano na vila e festa local desde hai máis dun século na Serra.

Hai rosquilleiras por todas as esquinas e pulpeiras xunta ó Campo da Feira, a onde os gandeiros de Outes, Mazaricos ou Sta. Comba traen vacas e puchos a vender e os tratantes dos máis lonxanos lugares veñen comprar, entre recuas de porcos, carneiros, pitos e algunha que outra egua de fina estampa. Pola alameda adiante e fronte ó instituto instálanse labregas a vender cebolas de S. Cosme, monllos de coles e restras de allos, a carón de queixos e manteigas que elaboran en Lousame e Rois. Os artesáns ofrecen eixadas, sachos e fouciños; cestos e cestas de vimbio; cabestros, estrobos e xugadas para os carros. Mentres, as paisanas de S. Ourente expoñen os coñecidos *sancosmeiros,* que os santiagueses levan como "sombreiros de Noia".

O bombo, as gaitas e o requinto de *Os pequenos de Tállara* ou de *Os Beiros* animan o bulicio que se extende por todas as rúas por onde a moitedume se espalla para ir mercar unha boina, un chal ou uns zapatos novos e logo a comer os callos ao Torres, o Marico e o Valadares. Pero tamén O Pino, A Parra, O Santolo, O Alborés e o *Sinvergüenza* están ateigados de homes, mulleres e nenos a consumir grandes cantidades de polbo, peixe da ría, cocido e, sobre todo, a empanada que lle dá sona á cociña noiesa.

A continuación vén a festa: casetas de tiro e tómbolas son un rebumbio de xente; cómpre agardar pacientemente a vez para subir ás barcas, asombrarse coa *vaca Juanita*, ou o chimpancé enfurecido que se quere facer pasar por King-kong, pero tamén hai que espabilarse para coller sitio nos cochiños, as cadeas e os cabaliños. E, quen non quere facerse a foto diante da fachada do concello antes de ir bailar ao son da París ou a Veracruz?

A medianoite toca o regreso, traendo todo o mundo consigo o recendo dos churros, o aroma das garapiñadas e, na boca, o sabor do algodón do zucre. Ou mellor aínda, o máis doce e imborrable pracer dun bico que os mozos de Noia e as mozas da Serra dan como niguén.

O próximo S. Marcos haberá alumeado multicolor desde a Carcacía ata S. Lázaro; a orquesta *París* volverá actuar xunto aos xardíns de Felipe de Castro, esta vez cun gran espectáculo de luz e e milleiros de watios de son; no lugar do tiovivo estará unha noria xigante; *A Parra* estará pechada, pero ducias de pubs ficarán abertos ata as tantas. Será primavera en Noia e a noite aquí convértese, como dicía Avilés de Taramancos, en longa mina de diamantes.

A tenda de Pastora

Xan F. García

Situámonos aproximadamente a mediados dos pasados anos sesenta. Trátase da droguería do Sr. Ramón Suárez –coñecido como Ramón de Mastontán–, en pleno centro do que hoxe é a Rúa da Vila. Na imaxe aparecen ademais a súa dona, Sra. Pastora, e os seus sobriños José Luis e Ramiro.

Recordo aquela tenda na que os rapaces entrabamos a miúdo a comprar trompos, parafusos para as bicicletas, Supergen, anzois e fío para pescar, petardos, etc., etc., mentres os maiores adquirían masaxe Floyd, xabón Heno de Pravia, pinturas Titanlux, puntas Quijano ou insecticidas de Cruz Verde, entre outros moitísimos produtos.

Pouco máis de corenta anos pasaron desde esta imaxe pero suxírenos certa sensación de nostalxia. Branco e negro. Exactamente como a memoria.

O Nadal de Añón, poeta anticlerical

Ramón Blanco

Tense escrito decote sobre o suposto carácter revolucionario do noso poeta, en consonancia coa súa ideoloxía liberal e progresista –termos que non significan o mesmo hoxe ca no século XIX–, así como republicana (non esquezamos que en 1869 está documentada a súa adscrición á sociedade "La Fraternidad republicana galáico-asturiana", de corte federalista; uns anos antes da proclamación da I República en España, en 1873). Con estes antecedentes parece natural a súa identificación cun poeta anticlerical, e non seremos nós quen o desmintamos, pois hai probas abondas na súa obra de sátira relixiosa, cunha finalidade idéntica á daqueles poemas onde constatamos a sátira política: atacar a institución que detenta o poder estabelecido cando actúa de xeito arbitrario e inxusto. Deste xeito Añón acostuma criticar a codicia e gula do clero, como defectos máis palpábeis e contraditorios cos postulados que predica. Segundo Gonzalo Navaza, esta intención crítica coa Igrexa vénlle dada do anticlericalismo filantrópico francés, do entorno masónico. En relación á súa censura relixiosa, dinos V. Novo y García: "La misma pluma que escribió el himno a la Inmaculada Concepción de María, escribió más tarde el soneto al Papa; el que empezó creyente, acabó ateo; borróse de sus ojos la opacidad de la mirada del jesuita y se encendió en sus labios la sonrisa del volteriano".

De 1877, un ano antes da súa morte, é o inmisericorde soneto "Al Papa" (dirixido a Pío IX, pontífice entre 1846 e 1876). Non parece pois casual que Curros Enríquez o elixise como guía pleno de criticismo e retranca para levalo ante os mesmos fociños de León XIII, a quen ataca n´*O Divino Sainete*. Non esquezamos tampouco que o de Boel ten sido denominado como o "Béranger galego", en alusión ao poeta francés no que se inspira o de Celanova para escribir o seu poema "Mirand´o chau". Porén, contradicindo o dito por Novo y García, cómpre non confundirmos, tanto no caso de Añón coma no de Curros, "ateísmo" con "anticlericalismo"; e aínda que non seguísemos as reflexións filolóxicas de Alonso Montero e as teolóxicas de Torres Queiruga, abondaría unha lectura detida dos textos para notar que hai moito do segundo e pouco do primeiro na obra dos nosos poetas decimonónicos.

Un exemplo de burla clerical (feita por quen foi seminarista!) témolo no epigrama titulado "Un crego ò tempo d´alzar", sendo máis dura a sátira naquel que comeza co verso "Es mi santa vocacion", ou o que di "¿Qué importa viador que metas". Así mesmo, en "A Feijoo" opón a virtude do sabio galego á intolerancia relixiosa ("Santo Oficio, tormento, fogueiras,/ E censuras d´obispos e frades,/ E parásitas comunidades/ ¡Ay! d´a patria abrumaban o chan!"). No entanto, veremos que no poema "El Reo de Muerte" trata positivamente á Institución relixiosa. Tamén no citado por V. Novo ("Himno Angélico. Coro" ou "A la Inmaculada Concepción. Regina Angelorum, Ora pro nobis. Invocación") e mais en "A la Virgen del Monte Carmelo" e "Á la Stma. Virgen de los Dolores. Dedicado á la Srta. Doña Valentina Busto y Lamas. En un viaje de Noya á Muros" hai unha visión dulcificada da cuestión. É de notar, ademais da predominancia do castelán para tratar a temática relixiosa, a benevolencia (devoción?) coa figura da Virxe, que podería contrastar coa encendida e despiadada crítica presente en "La Virgen del rial" (moi distante dos devotos versos que lle dedicou Nicolasa Añón), de non ser porque queda clara cal é a verdadeira intención do poeta: "Es la virgen del rial/ una ymajen de madera/ a quien el vulgo venera/ en vez de la original. (...)".

Deixou escrito Risco, referíndose ao famoso gravado de Balaca: "retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d´Añón". Igualmente poderiamos dicir que ás veces recurrimos máis a unha vida anecdótica do que a unha obra literaria que nos axudaría a explicar mellor a complexidade deste poeta. Quizais non estea de máis, aínda que isto se publique cando xa pasou o Nadal, lembrar (ou, mellor, ler) aquel romance que lle dedicou ao misterio do Nacemento de Cristo, titulado "Viaje á Belen", para chegar á conclusión de que foi escrito por un home fondamente cristián (e non se lea clerical, nin necesariamente católico).

Novos Artistas

Título:
Recordos da infancia
Autoría:
Lola Rey Novío

Esta pintura, elaborada con ceras sobre papel, foi realizada para participar na categoría de 2º ciclo de Educación Primaria no certame convocado polo concello de Outes, xunto coa Asociación *Terra de Outes*, en abril de 2008 para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón.
A súa autora, Loli Rey Novío, de Vilardigo, cursaba nese ano 5º curso de Primaria no CEIP da Serra de Outes.